

Predio expte.	Propietario	Pol.	Parc.	Superf. predio	Superf. expropiada
103	Varela Queijo, Mercedes	162	51	6.827,00	6.827,00
107	Felípez Sánchez, Carmen	162	55	718,00	718,00
108	Faguet Ambroa, Constantino	162	56	666,00	666,00
114	Esmorís Blanco, José	162	64	2.047,00	2.047,00
115	Esmorís Blanco, Baldomero	162	65	3.459,00	3.459,00
116	Freire Serrano, Antonio e Mª del Mar	162	66	1.620,00	1.620,00
125	Descoñecido	162	76	3.000,00	3.000,00
130	Concello da Laracha	162	90	3.445,00	3.445,00
133	Descoñecido	162	93	566,00	566,00
135	Puente Lendo, S.L.	162	95	524,00	524,00
140	Descoñecido	162	100	3.970,00	3.970,00
152	Caamaño Rodríguez, Leonor	164	49	13.613,00	740,00
153	Hros. Ramón Caamaño Rodríguez	164	68	6.163,00	6.163,00
155	Hros. Ramiro Caamaño Aldao	164	70	5.787,00	5.787,00
167	Hros. José Rama Varela	164	82	500,00	500,00
168	Hros. Ramiro Caamaño Aldao	164	83	1.412,00	1.412,00
171	Descoñecido	164	102	794,00	794,00
172	Hros. María Baldomir Graña	167	38	9.821,00	1.500,00

Resolución do 3 de abril de 2009 pola que se fai pública a aprobación definitiva do proxecto sectorial do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes, no concello do Porriño.

En cumprimento do disposto no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, faise pública a parte dispositiva do acordo do Consello da Xunta de Galicia, do día dous de abril de 2009, polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes no concello do Porriño, que literalmente di:

«1. Aprobar definitivamente o proxecto sectorial do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes, para os efectos establecidos pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

2. Declarar a utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para os efectos de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto sectorial do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes.

3. Declarar de marcado carácter territorial as obras previstas no proxecto sectorial para os efectos do disposto no artigo 11.3º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, e na disposición derradeira primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4. Consonte o disposto nos artigos 24 da dita Lei 10/1995 e 11.2º do xa citado Decreto 80/2000, deberase modificar, se é o caso, o planeamento urbanístico municipal para adecuar as súas determinacións ao proxecto que se aproba.

5. O proxecto sectorial de referencia entrará en vigor o día seguinte ao da publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia*».

Contra o devandito acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2009.

Mª Teresa Táboas Veleiro
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 12 de marzo de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia a licitación para a explotación do servizo de cafetería no Hospital do Rebullón, mediante procedemento aberto, multicriterio e tramitación ordinaria AB CHV1 09 002.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación Administrativa.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: explotación do servizo de cafetería no Hospital do Rebullón.

b) Lugar da realización do servizo: véxanse os pregos.

d) Prazo de execución: véxanse os pregos.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto, multicriterio.

c) Forma de adxudicación: oferta economicamente máis vantaxosa tendo en conta os seguintes criterios:

<u>Concepto</u>	<u>Ponderación%</u>
Canon ofertado	Ata 55 puntos
Calidade dos artigos ofertados	Ata 25 puntos
Prestacións complementarias	Ata 10 puntos
Medios persoais e organización	Ata 10 puntos

4. Canon anual mínimo: douscentos euros (200 €).

5. Garantías exixidas: definitiva 6.000 €.

6. Obtención da documentación e información.

a) Entidade: Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.